

certificación forestal, eliminando deste xeito tamén a lacra dos incendios forestais.

- **Medidas de impulso aos sistemas de transformación, comercialización e distribución dos produtos pesqueiros**, xunto cun control exhaustivo das importacións que permitan unha identificación da orixe dos produtos.
- Medidas de **impulso e potenciación do porto seco de Monforte** en vías de convertilo no principal centro loxístico do noroeste peninsular, aproveitando a súa condición intermodal(estrada-ferrocarril)
- Medidas de apoio ao pequeno comercio, con atención especial na **regulación dos horarios comerciais e limitando a instalación de grandes superficies comerciais**.
- **Apertura para uso público do dique Norte de Alcoa**, xa construído pero pechado neste momento, para que poidan atracar nun porto da Mariña os grandes buques mercantes e abaratar deste xeito o transporte das mercadorías da provincia.
- Dotación dun plan de **funcionamento dos centros Hospitalarios en quenda de tarde**, así como deixar de eliminar recursos humanos nos centros de saúde e PACs das zonas rurais.
- **Fomento da Educación Pública**, derogando todos os recortes impostos:
 - Diminución de ratios do alumnado nas aulas.
 - Diminución do número de horas lectivas semanais do profesorado, volveo aos mesmos números que antes da crise.
 - Dotación de profesorado de apoio para o alumnado con necesidades específicas e para a atención á diversidade.
- **Incrementar as prazas públicas para o alumnado de 0 a 3 anos** con horarios adaptados ás necesidades laborais da poboación traballadora.
- **Dotar a todos os centros públicos de ensino dos servizos complementarios** necesarios, nomeadamente comedores escolares, transporte escolar, actividades extraescolares, etc.

Lugo, a 23 de xaneiro de 2015



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.gal



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.gal

Propostas para a creación de emprego na provincia de Lugo

Propostas xerais:

- Creación dunha tarifa eléctrica galega adaptada as circunstancias e a industria do país. Para empresas como Alcoa, resulta imprescindible esta histórica demanda.
- Creación dunha banca pública galega que xestione eficazmente os nosos aforros e apoie os investimentos estratéxicos das nosas empresas e xere creto ás pequenas e medianas empresas cunha mentalidade de beneficio para o país e non para os accionistas.
- Fomento de proxectos de I+D+I, especialmente relacionados ao sector da pesca e agroforestal. A incentivación da participación das pequenas e medianas empresas nestes proxectos e a creación de canles de colaboración entre universidade e tecido empresarial resulta totalmente necesario para o éxito desta proposta.

Propostas específicas para a provincia:

- Posta en marcha dun **Plano de Desenvolvemento Industrial** que contemple o peche de ciclos produtivos da materia prima da provincia. Neste caso estaría a inmensa riqueza existente nos produtos agrogandeiros, o sector forestal, sector da pedra ou o sector pesqueiro.
- Fomentar que industrias como Alcoa **elaboren o seus produtos nas factorías que teñen na provincia**. En concreto, que se peche o ciclo produtivo do aluminio no complexo de San Cibrao.
- **Plano Integral de Dinamización do Sector Agrario** que reactive este sector economicamente, que recupere as terras abandonadas e que inicie o poboamento de todas as zonas rurais da provincia.
Este plan terá que incluír un conxunto de medidas concretas:
 - Mobilidade de terras.
 - Axudas e fomento para a incorporación de xente moza ao agro e ás zonas rurais.
 - Fomento da diversificación produtiva.

- Apoio ao desenvolvemento das producións ecolóxicas e artesanais, tanto para produción como para comercialización. transformación artesanal e comercialización.
- Apoio aos asentamento de poboación no rural, axudando no propio paso da cidade a aldea e dotando ás zonas rurais cos mesmo servizos que existen na cidade.
- Constituir un gran grupo lacteo Galego que realice unha transformación completa da produción, no que haxa participación económica pública e rompa o monopolio existente na actualidade na comercialización.
- Garantir un prezo mínimo digno para a produción de Leite, medida moi relacionada co punto anterior.
- **Impulsar o asentamento de industrias transformadoras de produtos primarios**, que pechen o ciclo produtivo na provincia. Nesta liña deberase impulsar a creación de cooperativas e empresas de economía social mediante apoio técnico e económico á súa creación e ao inicio da actividade e a participación de capital público cando sexa estratexicamente necesario.
- **Plan de Potenciación Turístico**, non só no que se refire aos grandes recursos da provincia (Muralla de Lugo, a praia das Catedrais, Ribeira Sacra, etc.), senón que atenda tamén ao turismo selectivo, de xeito que permita diversificar e mellorar a oferta para así aumentar a estadia, aplicando programas específicos en función da oferta (marítimo, fluvial, montaña, rural, cultural, ...). Este Plan é preciso tamén que aborde o aumento da profesionalidade no sector así como a promoción e a difusión da oferta no exterior.
- **Fomento da rehabilitación de vivendas no rural e nas zonas históricas de cidades** e vilas, tanto a través da actuación directa da administración como fomentando a rehabilitación privada.
- **Ampliación e consolidación dun Sistema Público Galego de Servizos Sociais** que actúe con especial incidencia nos seguintes puntos:
 - Servizo de atención a persoas maiores:
 - Servizo de atención de día.
 - Axuda no fogar.
 - Xantar na casa.
 - Lei de dependencia.
 - ...
 - Servizos para garantir a conciliación da vida familiar e laboral
 - Equiparación dos servizos sociais entre as cidades e os pobos do rural.
- **Elaboración dun Programa de Creación de Masas Forestais** en colaboración coas Comunidades de Montes veciñais en man común, impulsando a diversificación con frondosas caducifolicas e os programas de